



**im** informe mercado laboral 2008







00

1



edita

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

coordinación

Instituto Galego das Cualificacións

análise e redacción

Cidadania, Soc. Coop Galega

maquetación

marujas creativas

imprime

gráficas garabal, s. l.

depósito legal

C 470-2009



ín

dice





**iml** informe mercado laboral 2008

<b>1. Introducción</b>	9	<b>5. Fichas comarcais</b>	206
<b>2. Apuntes metodolóxicos</b>	10	Galicia	208
<b>2.1. Contidos do informe</b>	12	Allariz-Maceda	210
<b>2.1.1. Criterios</b>	13	Os Ancares	212
<b>2.1.2. Novidades</b>	13	Arzúa	214
<b>2.1.3. Apartados</b>	14	Baixa Limia	216
<b>2.2. Metodoloxía</b>	16	Baixo Miño	218
<b>2.2.1. Fontes de información</b>	17	Barbanza	220
<b>2.2.2. Índices e indicadores sintéticos</b>	20	A Barcala	222
<b>2.2.3. Análise de conglomerados</b>	21	Bergantiños	224
<b>2.2.4. Fichas comarcais</b>	22	Betanzos	226
<b>3. Contexto comarcal</b>	24	Caldas	228
<b>3.1. Ámbito demográfico</b>	26	Carballiño	230
<b>3.1.1. Poboación</b>	27	Chantada	232
<b>3.1.2. Indicadores demográficos</b>	34	Condado	234
<b>3.1.3. Poboación estranxeira</b>	40	A Coruña	236
<b>3.1.4. Emigración e inmigración</b>	42	Deza	238
<b>3.1.5. Poboación estimada</b>	47	Eume	240
<b>3.2. Ámbito socioeconómico</b>	52	Ferrol	242
<b>3.2.1. Empresas</b>	53	Fisterra	244
<b>3.2.2. Traballadores asalariados</b>	59	A Fonsagrada	246
<b>3.2.3. Traballadores autónomos</b>	66	A Limia	248
<b>3.2.4. Renda familiar dispoñible</b>	72	Lugo	250
<b>3.3. Ámbito de demandas de traballo</b>	74	A Mariña Central	252
<b>3.3.1. Demandantes de emprego</b>	76	A Mariña Occidental	254
<b>3.3.2. Demandantes parados</b>	95	A Mariña Oriental	256
<b>3.4. Ámbito da contratación</b>	116	Meira	258
<b>3.4.1. Contratos</b>	118	Morrazo	260
<b>3.4.2. Contratados</b>	139	Muros	262
<b>3.4.3. Temporalidade da contratación</b>	166	Noia	264
<b>3.4.4. Mobilidade da contratación</b>	179	Ordes	266
<b>4. Análise de conglomerados de comarcas</b>	184	Ortegal	268
<b>4.1. Consideracións previas</b>	186	Ourense	270
<b>4.2. Deseño e configuración dos conglomerados</b>	188	A Paradanta	272
<b>4.3. Características dos conglomerados</b>	194	Pontevedra	274
<b>4.4. Valores dos indicadores de referencia</b>	200	Quiroga	276
		Ribeiro	278
		Salnés	280
		Santiago	282
		Sar	284
		Sarria	286
		Tabeirós-Terra de Montes	288
		A Terra Chá	290
		Terra de Caldelas	292
		Terra de Celanova	294
		Terra de Lemos	296
		Terra de Melide	298
		Terra de Soneira	300
		Terra de Trives	302
		A Ulloa	304
		Valdeorras	306
		Verín	308
		Viana	310
		Vigo	312
		Xallas	314

1

intro

ducción



O Informe de mercado laboral presentado a continuación é unha iniciativa do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego das Cualificacións, creado polo Decreto 93/1999, do 8 de abril, conta cun Servizo de Observatorio Ocupacional que actúa como un instrumento técnico dirixido ás institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a Formación Profesional. Este servizo ten como función principal coñecer o funcionamento do mercado laboral en Galicia, estudando os factores que o condicionan e determinan e proporcionando a información máis relevante sobre a evolución das profesións, ocupacións e perfís profesionais na nosa Comunidade Autónoma.

## Introdución

Este informe constitúe un instrumento de consulta sobre o mercado laboral en Galicia. A combinación dunha dimensión descriptiva cunha analítica e sintética proporciona información sobre diversos niveis da realidade sociolaboral que caracteriza a nosa Comunidade. Ademais, permite coñecer as variables máis determinantes na configuración da súa estrutura interna e da súa evolución temporal.

A finalidade última é crear un instrumento que resulte útil tanto para a Administración pública en todos os seus niveis como para todas as persoas e axentes que traballan en ámbitos relacionados co mercado laboral galego e que están vinculados ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Confiamos en que constitúa unha fonte valiosa de cara á comprensión do mercado laboral galego e sirva de axuda no deseño de medidas e políticas capaces de incidir sobre el e mellorar o seu funcionamento.

**2**

**a**

puntos

metodológicos



2.1

**contidos do informe**

### 2.1.1. Criterios

A elaboración do Informe do mercado laboral aséntase nos seguintes criterios:

Conxuntura e evolución. No deseño do informe mantense o duplo enfoque temporal na información, combinando datos puntuais de conxuntura con datos evolutivos de estrutura. Persiste o desexo de presentar datos para un quinquenio ou cinco períodos alí onde se dispón de información completa, aínda que en determinados casos isto non foi posible por mor dos cambios metodolóxicos introducidos nas fontes de datos.

Galicia e as súas comarcas. A nota característica desta publicación é que a diferenza doutras existentes é o tratamento de datos a nivel galego e comarcal. A explotación estatística dos rexistros administrativos adoita ser a forma máis eficiente de obter información para o ámbito xeográfico comarcal, característico da nosa ordenación territorial e recollido no Estatuto de Autonomía de Galicia. A comarca é unha unidade territorial que combina certa especificidade territorial cun determinado nivel de agregación de unidades menores como os concellos. Esta circunstancia convértea nun elemento idóneo para a análise e observación do mercado laboral galego.

Enfoque comparado. Na realización do informe tívose sempre presente un enfoque comparativo, establecendo sistemas de ordenación e xerarquización das 53 comarcas a través da análise das diversas variables. Este enfoque permitiu, ademais, poñer en relación os diferentes fenómenos comarcais entre si, ao longo do tempo e con respecto ao conxunto de Galicia.

Sentido transversal. O informe é o produto dunha aproximación transversal ao fenómeno do mercado laboral, o que quere dicir que se relacionaron estatísticas laborais con outras socioeconómicas e de poboación.

### 2.1.2. Novidades

A edición deste ano supón unha evolución do estudo Mapas de Indicadores Comarcais 2006 no tocante ao seu formato e contido. As principais novidades introducidas son as seguintes:

- A diferenciación da publicación en tres partes diferenciadas. Na primeira abórdase unha análise comparativa comarcal para o conxunto das comarcas galegas, presentando a información en forma de mapas, gráficos e táboas de indicadores. Na segunda establécese unha distribución de comarcas en conglomerados co obxectivo de definir tipoloxías que permitan sintetizar as diversas magnitudes que caracterizan o mercado laboral galego. A terceira parte recolle as fichas das diferentes comarcas galegas, o que permite presentar dunha forma sintética e complementaria a información máis relevante para cada un destes territorios.
- A inclusión de novos indicadores analíticos e sintéticos vai posibilitar afondar nunha mellor explicación dos fenómenos que caracterizan o mercado laboral e, sobre todo, establecer baremos comparativos entre as diversas comarcas.
- Incorporación dunha análise multivariable para determinar os tipos de comarcas máis representativos. A través dunha análise de conglomerados determinouse unha agregación das unidades comarcais para sinalar trazos comúns entre elas e establecer unha dimensión sintética na interpretación da información.
- A recuperación do ano natural como base para elaborar series temporais para estender, sempre e cando sexa posible, a análise da información a un período quinquenal. A introdución desta unidade temporal vai permitir unha mellor comparación con outras publicacións e series estatísticas relativas ao mercado laboral.
- A utilización de indicadores de poboación para incorporar o factor demográfico á análise do mercado laboral. Os indicadores de mercado laboral deben recoller os volumes e características da poboación para ter un marco explicativo máis amplo e contextualizado.

### 2.1.3. Apartados

O Informe de mercado laboral 2008 contempla tres apartados básicos: o contexto comarcal, a análise de conglomerados e as fichas comarcais.

O apartado de contexto comarcal analiza diferentes indicadores que caracterizan o mercado laboral galego a nivel comarcal. En concreto, atende catro ámbitos específicos: demográfico, socioeconómico, demandas de traballo e contratación.

- **Ámbito demográfico.** Recolle os principais elementos que caracterizan os fenómenos de poboación das comarcas galegas. A través de indicadores de situación e evolución analízase o volume de poboación, a estrutura etaria, a poboación estranxeira ou os movementos migratorios.
- **Ámbito socioeconómico.** Este apartado constitúe unha análise de síntese á evolución do comportamento de empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos coa finalidade de obter unha primeira impresión sobre a dimensión e estrutura empresarial e laboral das diversas comarcas, complementada con indicadores relativos á renda familiar dispoñible.
- **Ámbito de demandas de traballo.** A análise deste apartado xira arredor do concepto de demanda, é dicir, a solicitude de emprego realizada por un traballador, sexa ou non parado en sentido estrito.
- **Ámbito de contratación.** Neste apartado contabilízanse os contratos rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia. Hai que sinalar que teñen a mesma consideración que un contrato as conversións de contratos realizadas sobre un contrato preexistente.

O apartado de análise de conglomerados establece diferentes tipos de comarcas en función do conxunto de indicadores empregados no capítulo anterior. Empregáronse un total de 206 indicadores, que finalmente quedaron reducidos para establecer os conglomerados a 92. Neste capítulo reflíctense os procedementos seguidos para realizar a análise, as comarcas incluídas dentro de cada conglomerado, así como as características principais de cada un deles.

O apartado de fichas comarcais recolle información sintética e complementaria á dos outros apartados para cada comarca galega. En concreto, aparecen representados os seguintes indicadores:

- Pirámide poboacional.
- Principais actividades económicas para empresas, asalariados, autónomos, demandantes parados e contratados.
- Evolución demandantes parados e contratados.
- Movemento contractual.
- Principais grupos ocupacionais entre os demandantes parados e contratados e saldos máis destacados.
- Conglomerado de pertenza e principais características.

0%

2.2

**metodología**

### 2.2.1. Fontes de información

**Demografía.** As fontes empregadas foron o Padrón Municipal de Habitantes, o Movemento Natural de Poboación, os Indicadores de Poboación, a Estatística de Variacións Residenciais e as Proxección da Poboación en Galicia, todas elas elaboradas polo Instituto Galego de Estatística e dispoñibles na súa páxina web.

**Socioeconómico.** A información utilizada no informe procede da Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes (xeral e específicos) da Seguridade Social, e, por outra, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización. O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego. Ademais, considera a totalidade dos sectores económicos e ten información para diferentes anos que posibilita realizar estudos evolutivos.

Os cambios nas bases de datos da TXSS produciron que a dispoñibilidade de información se restrinxese ao período comprendido entre 2004 e 2007. En relación con esta base de datos hai que sinalar os seguintes aspectos:

- Os datos non asignados a unha comarca foron incluídos nos totais galegos, pero non, evidentemente, no nivel comarcal. Isto provoca que unha suma dos valores comarcais non coincida co total para Galicia. No que atinxe aos datos que non teñen asignada unha actividade económica, dado o seu reducido volume, foron excluídos da análise, tanto na perspectiva comarcal como na do conxunto.
- A información relacionada co número de empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer sobredimensionada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter centros de traballo en diferentes lugares, por ter contratos para a

formación, por exercer diferentes actividades ou por ter contratado un axente de comercio.

- Os valores presentados procedentes desta fonte reflicten valores medios de cada período, isto é, a media calculada a partir dos datos pertencentes a cada un dos doce meses. Non se corresponden, polo tanto, con valores ao termo de cada período, e inclúen valores decimais que foron redondeados.

Ademais desta fonte, empregáronse datos procedentes do Anuario socioeconómico de Caixanova 2007.

**Demandas de traballo.** A información utilizada provén das bases de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia. Unha demanda é a solicitude rexistrada dun posto de traballo que realiza un traballador, desempregado ou non, ante unha oficina de emprego. Hai que sinalar os cambios metodolóxicos que se producen no computo das demandas de traballo tras o cambio do modelo SILEE (Sistema de Información Laboral de Emprego) polo SISPE (Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego). O primeiro cambio a destacar é a modificación do concepto de demandante parado ao introducir novas figuras que non eran contempladas anteriormente. A entrada en vigor deste novo modelo de contabilidade de demandantes parados fai que só se teñan en conta os datos a partir de abril de 2005. O segundo cambio é a redución do número de ocupacións ao pasar de 3.698 ocupacións posibles na anterior clasificación a 2.367.

- Número de ocupacións rexistradas por demandante. Rexístranse para cada demandante ata un máximo de seis ocupacións diferentes, cando no pasado só se rexistraba unha, sendo o habitual que se cubran as seis para maximizar as posibilidades de encaixe coas ofertas. Neste informe consideráronse todas as ocupacións solicitadas polos demandantes para elaborar a clasificación das ocupacións máis demandas, outorgándolle o mesmo peso a cada unha delas e independentemente da orde na que fosen rexistradas.
- Concepto de parado. Dentro dos demandantes distinguimos os parados dos non parados segundo o establecido na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.
- Concepto de demandante parado de curta e longa duración. No marco deste informe vanse considerar

de curta duración todos os demandantes que levan rexistrados menos de seis meses no Servizo Público de Emprego, mentres que os de longa duración figurarían rexistrados máis dun ano.

- Concepto de grupo ocupacional. Para efectos de logramos unha certa continuidade na análise, neste informe optamos por utilizar os códigos da clasificación SILEE e SISPE a un nivel de detalle de catro díxitos.
- Formación académica. Na fonte existe un cambio na codificación do nivel de formación para os anos comprendidos entre 2003 e 2005, razón pola que só se empregan nas series temporais os anos 2006 e 2007.
- Sector de actividade de procedencia. As persoas que non traballaron anteriormente están clasificadas nas desagregacións sectoriais baixo e epígrafe “sen actividade”. Todos estes rexistros están incorporados sen problemas na análise por se tratar dunha circunstancia habitual e significativa.
- Período de referencia dos datos. Enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada polas oficinas de emprego existente o último día de cada período, é dicir, o 31 de decembro.

**Contratos.** A información utilizada no informe provén das bases de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia, e máis concretamente da sección de contratos. Entre as cuestións relativas ás fontes deste apartado hai que sinalar o seguinte:

- Neste informe inclúese o concepto de contratado, que reflicte o dato de persoas contratadas independentemente do número de contratos que poida ter. O emprego desta variable evita o efecto da temporalidade e a súa distorsión sobre o dato real de xeración de emprego. O valor dos contratados é distinto en función das seguintes variables de segmentación: tipo de contrato, sector de actividade ou grupo ocupacional. A razón é que, se unha persoa para un ano concreto ten distintas situacións en cada unha das variables sinaladas, contabilízanse como casos por separado, en cambio, se reflicten a mesma situación, contan como un único caso.

- O concepto de grupo ocupacional empregado é o mesmo que o manexado para demandas de traballo. Polo tanto, empregárase a clasificación SISPE a unha desagregación de catro díxitos.

### Actividade económica

En diversas partes do informe recóllese información segundo a actividade económica. A nomenclatura base empregada nesta segmentación é a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE93Rev.1).

Na seguinte táboa podemos contemplar as equivalencias efectuadas a tres niveis: códigos de división CNAE93Rev.1 (dous díxitos), subsectores e sectores de actividade. Estas dúas últimas clasificacións foron definidas ad hoc polo Instituto Galego de Cualificacións.

Código e descrición da división CNAE		Subsector económico	Sector económico		
1	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	Agricultura e pesca	PRIMARIO		
2	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas				
5	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas				
10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	Industria	SECUNDARIO		
11	Extracción de crus de petróleo e gas natural				
13	Extracción de minerais metálicos				
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos				
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas				
16	Industria do tabaco				
17	Industria téxtil				
18	Industria da confección e da peletaría				
19	Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe				
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría				
21	Industria do papel				
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
23	Coquerías, refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares				
24	Industria química				
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas				
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos				
27	Metalurxia				
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo				
29	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico				
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos				
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico				
32	Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio				
33	Fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojaría				
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques				
35	Fabricación doutro material de transporte				
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras				
37	Reciclaxe				
40	Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas vapor e auga quente			Electricidade	
41	Captación, depuración e distribución de auga				
45	Construción			Construción	CONSTRUCCIÓN
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores			Comercio e hostalaría	SERVIZOS
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas				
52	Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores				
55	Hostalaría				
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	Transporte e comunicacións			
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores				
62	Transporte aéreo e espacial				
63	Actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes				
64	Correos e telecomunicacións				
65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	Outros servizos			
66	Seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria				
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira				
70	Actividades inmobiliarias				
71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos				
72	Actividades informáticas				
73	Investigación e desenvolvemento				
74	Outras actividades empresariais				
75	Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria				
80	Educación				
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais				
90	Actividades de saneamento público				
91	Actividades asociativas				
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas				
93	Actividades diversas de servizos persoais				
95	Fogares que empregan persoal doméstico				
99	Organismos extraterritoriais				



### 2.2.2. Índices e indicadores sintéticos

**Indicadores de evolución.** Ao longo do informe empréganse indicadores relativos á evolución anual e do período de referencia. Para unha mellor comprensión de ambos, amósase a fórmula de cálculo.

- Variación anual

$$\frac{\text{Valor ano n} - \text{Valor ano n-1}}{\text{Valor ano n-1}} \times 100$$

- Indicador de tendencia. No caso de que o cálculo fose para un período quinquenal, a fórmula sería a seguinte:

$$\frac{\text{Valor ano n} - \text{Media valor catro anos anteriores}}{\text{Media valor catro anos anteriores}} \times 100$$

**Indicadores demográficos.** Pódense sinalar os seguintes:

- Índice de recambio da poboación activa

$$\frac{\text{Poboación 60 a 64 anos}}{\text{Poboación 20 a 24 anos}} \times 100$$

- Índice de envellecemento

$$\frac{\text{Poboación maior 64 anos}}{\text{Poboación menor 20 anos}} \times 100$$

- Índice de dependencia xuvenil

$$\frac{\text{Poboación menor 20 anos}}{\text{Poboación 20 a 64 anos}} \times 100$$

- Índice de dependencia senil

$$\frac{\text{Poboación maior 64 anos}}{\text{Poboación 20 a 64 anos}} \times 100$$

### Indicadores de contratos

- Taxa de mobilidade comarcal para contratos. Sexan:

A = contratos a traballadores residentes realizados fóra do territorio da comarca

B = contratos a traballadores non residentes realizados dentro do territorio da comarca

C = contratos a traballadores residentes realizados dentro do territorio da comarca

A fórmula para o cálculo da taxa sería:

$$\frac{A + B}{A + B + C} \times 100$$

- Taxa de mobilidade comarcal para contratados. Sexan:

A = persoas residentes contratadas fóra do territorio da comarca

B = persoas non residentes contratadas dentro do territorio da comarca

C = persoas residentes contratadas dentro da comarca

A fórmula para o cálculo da taxa sería:

$$\frac{A + B}{A + B + C} \times 100$$

- Taxa de rotación:

$$\frac{\text{Contratos temporais}}{\text{Persoa contratada temporalmente}} \times 100$$

- Taxa de contratación indefinida:

$$\frac{\text{Contratos indefinidos}}{\text{Contratos indefinidos} + \text{contratos temporais}} \times 100$$

### 2.2.3. Análise de conglomerados

Na elaboración deste apartado seguiu-se un dobre procedemento de análise. O primeiro foi unha análise factorial para seleccionar os indicadores máis relevantes e o segundo, unha análise de conglomerados para establecer grupos de comarcas en función de características comúns.

#### Análise factorial

Para a execución desta análise, seguiu-se o método de compoñentes principais. Os compoñentes principais son factores resultantes da agregación de grupos de variables ou indicadores con valores estatísticos comúns. Nun primeiro momento seleccionáronse un total de 206 indicadores para establecer as compoñentes principais. Na selección dos indicadores por actividade económica tomáronse como referencia as 20 primeiras ocupacións por volume de contratación; esta prelación foi mantida para seleccionar os indicadores de demandantes parados, empresas, asalariados e autónomos segundo a actividade económica, mentres que foron descartados os relativos ao grupo ocupacional pola forte disparidade dos seus valores de referencia.

Dada a dificultade de extraer compoñentes principais susceptibles dunha explicación lóxica, optouse por conservar os indicadores orixinais e seleccionar aqueles que tiñan unha maior relevancia a hora de configurar as compoñentes.

Na selección das variables, tomouse como estatístico de referencia o valor dos coeficientes factoriais da matriz de compoñentes principais para cada un dos indicadores iniciais considerados. Os coeficientes factoriais poden adoptar valores comprendidos entre -1 e 1; canto máis próximos estean dos valores extremos maior nivel de correlación existirá entre o indicador inicial e a compoñente principal. Se é -1, a correlación será claramente negativa e, se é 1, será positiva.

Para cada indicador escolleuse o coeficiente factorial que tomou valores máis extremos, independentemente da compoñente principal onde se situase. Os indicadores significativos foron aqueles que obtiveron coeficientes factoriais situados entre os intervalos (-1, -0,59) ou (0,59, 1), dado que os valores situados por debaixo deste

intervalo de referencia teñen pouco carácter explicativo a un nivel global e, ademais, interesaba reducir o número de indicadores iniciais para lograr un marco máis sintético.

Nun primeiro momento foron seleccionados 135 indicadores, pero, como seguía sendo un número alto, volveuse realizar outra vez o procedemento para reducir finalmente o número de indicadores a 92.

#### Análise de conglomerados

Os conglomerados son conxuntos de casos que gardan unha grande homoxeneidade entre si con respecto aos valores dos indicadores tomados como referencia. Ademais da súa homoxeneidade interna, cada conglomerado é distinto dos restantes conglomerados que se tomen como referencia. O método seguido foi o de conglomerados de k-medias, empregando os seguintes pasos na súa elaboración:

- Configuración da matriz cos 92 indicadores seleccionados.
- Selección do número de conglomerados. A análise foi bietápica: nunha primeira etapa creáronse catro conglomerados para establecer conxuntos significativos e homoxéneos. Dado que un dos conglomerados agregaba un número moi alto de comarcas, nunha segunda etapa seleccionáronse as comarcas deste e dividíronse en dous conglomerados. Con esta operación, constituíronse un total de cinco conglomerados, acentuando as diferenzas entre eles para recoller dunha maneira máis gráfica a súa heteroxeneidade.
- Procedeuse ao cálculo dos centros dos conglomerados iniciais e finais, da matriz de distancias dos conglomerados e da táboa de análise de varianza (táboa ANOVA).

Os indicadores estatísticos empregados para a análise de conglomerados foron os seguintes:

- Proba F da táboa de análise de varianza. Este estatístico permite ver que indicadores contribúen en maior medida na constitución dos conglomerados.

- Distancias dos centros dos conglomerados. Estas distancias permiten ver as comarcas que están máis lonxe dos centros dos distintos conglomerados.
- Centros dos conglomerados finais. Son as medias que toman os indicadores dentro de cada conglomerado seleccionado.
- Número de casos de conglomerado. Permitirá observar cantas e cales son as comarcas que entran dentro de cada conglomerado.

#### 2.2.4. Fichas comarcais

A información recollida nas fichas procede das bases de datos enunciadas con anterioridade, dado que tratan aspectos relativos á demografía, ao tecido empresarial, ás demandas, aos contratos e á análise de conglomerados. A súa estrutura sintética fainas axeitadas para unha consulta complementaria dos datos presentados na parte do informe que analiza o contexto comarcal en Galicia.

En relación coa información que figura neste apartado, cómpre realizar as seguintes aclaracións:

Recolléronse as cinco actividades principais segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (dous díxitos) para empresas, asalariados, autónomos, demandantes parados e contratados.

A gráfica de evolución de demandantes parados e contratados só recolle os dous semestres dos anos 2006 e 2007, debido á carencia de datos para anos anteriores de demandantes parados por mor dos cambios metodolóxicos sobre a definición de parado.

Os datos sobre movementos contractuais recollen a proporción de persoas non residentes contratadas na comarca de referencia sobre o total de contratados da comarca, os contratados que entran, así como a porcentaxe de persoas residentes contratadas fóra da comarca de referencia sobre o total de contratados da comarca, os contratados que saen.

Os datos sobre grupos ocupacionais seleccionan os que alcanzan un valor por riba do 5% tanto para as solicitudes dos demandantes parados como para as persoas contratadas. Os saldos establecidos son os seguintes:

- Maiores superávits de contratados por ocupación: recolle os cinco maiores saldos resultantes de restarlle ao valor alcanzado por unha ocupación entre os contratados a cifra de solicitudes de demandantes parados para esa mesma ocupación.
- Maiores déficits de contratados por ocupación: son os cinco saldos menores resultantes de realizar a operación anterior.

Por outra parte, dentro dos grupos ocupacionais enunciados nas fichas non se contemplan aqueles que reúnen unha compoñente artística, xa que, polas súas características específicas, non son consideradas como saídas profesionais convencionais.